

## ACTA Nº 16/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2011.
- 4º.- Aprobación inicial da nova ordenanza municipal reguladora de terrazas para restauración do Concello de Moaña.
- 5º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre a modificación da Lei Hipotecaria e adopción de medidas sociais para solucionar o drama dos desafiuzamentos.
- 6º.- Moción da Plataforma de Afectados Hipotecas do Morrazo sobre medidas do Concello fronte aos desafiuzamentos.
- 7º.- Moción do PSOE para a modificación dos criterios nos pagos dos tributos municipais para as familias en risco de exclusión social.
- 8º.- Toma en coñecemento da renuncia do Concelleiro do BNG. D. Valentín Piñeiro González
- 9º.-Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Fervenza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. Rosa Solla Veiga

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 29 de novembro do 2012, sendo as 20:03 horas, reúnen-se as persoas sinaladas baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe. Ten excusada a súa inasistencia o Concelleiro do PP, D. José Freire Cancelas.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 15/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 15/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

### **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA NOVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA RESTAURACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde sinala que se cambia a orde dos asuntos incluídos na Orde do día, á espera de que chegue a Concelleira do PP, Sra. Solla.

Seguidamente o Sr. Alcalde procede á lectura da proposta ditaminada en Comisión Informativa:

#### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA NOVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA RESTAURACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA**

Tendo en conta a necesidade de redactar unha nova ordenanza que regularice a instalación uso e aproveitamento de terrazas, tendo en conta a necesidade de introducir a regulación de veladores, e a conveniencia de introducir algunhas precisións en outros aspectos da actual ordenanza, vense de redactar unha nova ordenanza municipal reguladora da materia.

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a nova ordenanza municipal reguladora de terrazas para restauración do concello de Moaña, nos termos expostos.

**SEGUNDO.-** Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto da modificación no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados

se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que quere iniciar a súa intervención sinalando que as terrazas son boas cando se instalen nunhas condicións axeitadas, beneficia a actividade económica. Dito isto o que procede é elaborar unha ordenanza que garanta os dereitos dos peóns e que ademais se faga cumprir o nela previsto. Non imos atrancar a tramitación da ordenanza. Voto en falta un dato fundamental, que se estableza na ordenanza un paso mínimo para os peóns. Debe poñelo claramente e ten que establecer con claridade que os peóns cando cruzan a terraza cruzan un espazo público, non invaden unha propiedade privada. Ademais paréceme moi difusa a regulación da documentación que teñen que aportar os solicitantes da terraza. O técnico que o valore terá que facer unha exercizo de interpretación respecto aos termos da terraza. O propietario debe saber onde se pode ubicar a terraza e en qué circunstancias. Faremos as oportunas correccións no período de exposición pública que garantan os dereitos dos propietarios e dos veciños.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que hai seis ou sete meses, o BNG presentou unha moción en Pleno solicitando a redacción de unha ordenanza reguladora da actividade das terrazas. Nós, como todos os veciños, ollabamos que se estaba a aplicar a lei da selva, cun absoluto desprezo do dominio público e dos peóns, que son os que teñen o principal dereito de uso dese dominio público. Nunha situación de privatización dese dominio arbitraria e discriminatoria. O uso debe ser libre, indiscriminado e gratuito. Fóronse creando áreas de dominio público que foron pouco a pouco apropiadas polos hosteleiros. En calquera caso, esta ordenanza non se presentou con moita rapidez e se fixo sen intención de consenso. Non se solicitaron ideas ou propostas. O texto está copiado de algunha outra ordenanza. É un documento que quedará enriba da mesa e que se poderá discutir por todos. A ordenanza non regula nada ou case nada. Será no proceso de alegacións onde se poida articular un texto que pase a dicir algo. Todos os usos e abusos que se están a cometer actualmente poderían manterse igual con esta ordenanza. Require importantes correccións e concreccións para resultar útil. No texto se fala dos dereitos de todos, incluso dos dereitos dos camareiros, pero non se fala dos dereitos dos peóns. Fálase do espazo das terrazas, do ancho, incluso de unha mazá enteira, pero non se fala do espazo para pasar. Non se di se é igual se a terraza pode ocupar catro veces a superficie do bar ou a cuarta parte desa superficie. Non se regula a relación entre a superficie do local e a da terraza. Tampouco fala da estética e dos materiais a empregar. Desmontable é todo. Non se precisa o que se entende por facilmente desmontable. Require moita maior concrección. Non se ten en conta que os usos de unha terraza, dependendo de que sexa cuberta ou descuberta poida ter unha tarifa distinta. Non se contempla esa previsión a recoller na ordenanza fiscal. Tampouco se contempla un réxime transitorio. Aos que agora poñan a funcionar a terraza, ¿ se lles vaia aplicar esta ordenanza e ás anteriores non?. ¿Non se lles vai dar un prazo para que poidan adecuarse á legalidade?. A inexistencia de réxime transitorio suporía unha discriminación entre as anteriores e as novas autorizacións. A ordenanza presenta importantes lagoas. De tratarse agora da súa aprobación definitiva teríamos que opoñernos á súa aprobación pero aínda estamos ao inicio da tramitación. Agora non imos poñer atrancos pero xa advertimos que presentaremos alegacións que de non estimarse valoraremos o rexeitamento á aprobación da ordenanza.

(A Concelleira do PP Sra. Solla accede ao salón de plenos).

Debe defenderse o dominio público, que está sometido á lei e respecto do cal os principais dereitos corresponden aos peóns. O uso privativo ou especial sobre ese dominio non pode prexudicar eses dereitos.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, di que a modificación da anterior ordenanza de terrazas realízase principalmente para a súa adecuación á normativa da lei antitabaco. Sempre respectando que a prioridade do uso sobre o dominio público corresponde aos peóns. Isto contéplase nesta ordenanza. Din que non se contempla o 1,50 mts de marxe de paso. O artigo 19 di: *“Condicións específicas para instalar terrazas de veladores con cerramentos estábeis. Este artigo, ao igual que o anterior, tamén se rexe pola normativa de carácter local, autonómica ou estatal de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas vixente no momento da instalación da terraza.”* A normativa de accesibilidade ven regulada no Decreto Non se puso expresamente o dos 1,50 mts recollido na anterior ordenanza porque ilo, en caso de cambio na normativa reguladora, podería dar lugar a unha incompatibilidade sobrevida entre a normativa reguladora e a ordenanza municipal. Por ilo decidiuse facer unha remisión á normativa de accesibilidade e barreiras arquitectónicas. Aí se fixan as distancias. Se o día de mañá a normativa prevé dous metros deberá aplicarse a ordenanza segundo esa previsión do Decreto. Respecto da cuestión da estética, o artigo 17 fixa como se deben manter as terrazas. A diferenza desta ordenanza ca anterioré que se intenta darlles un encaixe. Todos teñen dereito a vivir. Tamén se limitan os establecementos que poden instalar terrazas. Solo se permitirá aos locais de restauración. Ademais deberán presentar maior documentación da esixida ata o de agora que deberá valorarse polos técnicos de urbanismo. A terraza tamén deberá levar unha liña na beirarrúa.

O Sr. Pastoriza di que sen querer xogar a técnico entende que accesibilidade será a de acceso á terraza e non o paso da vía pública. En calquera caso, dubido que cumpra o cometido.

O Sr. Millán sinala que o que abunda non dana. Para que non haxa dúbidas non estará mal que os criterios aos que se suxeitarán as autorizacións estean determinados na ordenanza. Ha cuestións sobre as instalacións de terrazas que cando se aprobou a anterior ordenanza non se coñecían suficientemente. Agora si se sabe. Non é claro que se remita a outra normativa. É necesario un réxime transitorio e un réxime sancionador. Ca previsión de sancións que se recollen neste texto o máis beneficioso para os hosteleiros vai ser infrinxir, á vista do importe das sanccións. Paga a pena non facer as cousas ben. Todas as terrazas actuais poderían acollerse sen problema a esta ordenanza. A partires de agora o máis fácil será abrir un kiosko de dúas mesas e instalar unha terraza de cento cincuenta metros. Isto haberá de preverse nas alegacións que se presenten.

A Sra. Varela afirma que as sancións previstas son as que xa aparecían recollidas na anterior ordenanza. Sr. Millán, non me diga que cando se aprobou a anterior ordenanza non había terrazas.

O Sr. Pastoriza afirma que na anterior ordenanza a maior sanción era a obriga de ter que levantar a terraza.

O Sr. Millán di que a ordenanza anterior tiña algunha deficiencia e as sancións prevíanse para o caso de que se excedese no número de mesas. Agora temos construcións enriba do dominio público. A sanción non pode ser a mesma.

O Sr. Alcalde afirma que está de acordo en que a actual ordenanza está caduca. Haberá que buscar o consenso de todos os Grupos asó como cos comerciantes e ehosteleiros e lograr o mellor texto posible.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de aprobación inicial da ordenanza da nova ordenanza municipal reguladora de terrazas para restauración do Concello de Moaña, aprobándose por seis votos a favor, dos Concelleiros do PP (exacto da Sra. Solla que non pode votar neste punto), e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a nova ordenanza municipal reguladora de terrazas para restauración do concello de Moaña, nos termos expostos.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto da modificación no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

(ANEXO)

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN**

### **TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1.-** Obxecto

1.- O obxectivo desta ordenanza é regularizar a instalación, uso de materiais e aproveitamento de terrazas no termo municipal de Moaña sen prexuízo, neste caso, da competencia que poidan ter outras administracións en terreos sitios neste concello. Limitase o uso de terrazas ás actividades de restauración e exclúese o uso de tales a outras actividades.

#### **Artigo 2.-** Definicións

1.- **Terrazas de veladores:** son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbil e desmontábel, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalaría.

2.- **Velador:** conxunto composto por mesa e cadeiras con finalidade lucrativa para o servizo de establecemento de hostalaría.

3.- **Cerramento estábel:** son terrazas de veladores cun paramento estábel no seu perímetro e cubertas mediante elementos prefabricados, doadamente desmontábeis, translúcidos, que se atopan en terreos de titularidade ou uso público e que desenvolven a súa actividade de forma accesoria e dependente dun establecemento principal de hostalaría ou restauración, podendo realizar unicamente a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

4.- **Mesa alta:** considéranse así a unidade de mesa ou similar urbano, individual ou en agrupación distinta ao velador, calquera que sexa a súa forma. No caso de utilizarse con cadeiras, terán a consideración de velador.

#### **Artigo 3.-** Licenzas

- 1.- A autorización para instalar terrazas e os outros usos requirirá da previa licenza de apertura do establecemento en función do cal se pretenda instalar as terrazas, ademais da licenza de actividade propia e, se é o caso, de obra.
- 2.- A instalación de terrazas requirirá do outorgamento da autorización municipal previa regulada nesta ordenanza.
- 3.- Poderán solicitar a autorización as e os titulares dos establecementos sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulen.
- 4.- Para os efectos do disposto no apartado anterior, teranse en consideración a titularidade e a actividade que consten na licenza de apertura.
- 5.- Son actividades de restauración as determinadas no apartado 2.7 da Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a saber, restaurantes, salóns de banquetes, bar, café - bar e cafetería.

#### **Artigo 4.- Solicitudes**

- 1.- Xunto coas solicitudes, presentarase:
  - a) Plano que inclúa a localización, superficie que vai ocupar e elementos que se van instalar, acoutado coas medidas do espazo que se vai ocupar, espazo libre da vía pública despois da ocupación e superficie de ocupación.
  - b) Fotocopia do DNI ou NIF do/a titular.
  - c) Certificados de estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e da seguridade social.
  - d) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e de incendios que inclúa expresamente a actividade obxecto da autorización.
  - e) Copia da constitución da fianza de reposición por posíbel deterioro do espazo público ocupado.
  - f) No caso de cerramento estábel, disporase da documentación técnica que regule a normativa, asinada polo persoal técnico habilitado competente.
  - g) Certificación bancaria da conta de cargo das taxas.
- 2.- Para conceder a autorización será necesario estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e de dereito público con este Concello.
- 3.- A taxa correspondente aboarase ao retirar a autorización no caso de ser outorgada.
- 4.- O/a interesado/a deberá obter, anualmente, do Concello, a renovación das autorizacións, mediante o pago da taxa correspondente, e o/a solicitante debe atoparse ao corrente no pago das súas obrigas tributarias e de dereito público con este.
- 5.- O feito de ter sido titular de autorización en períodos anteriores non xera para o/a interesado/a dereito ningún en posteriores peticións, nin vincula en canto ao número de elementos autorizados.
- 6.- Estabéllese como prazo anual de presentación de solicitude e, se é o caso, de renovación das autorizacións e das que requiran modificacións, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de marzo de cada ano.

7.- Non obstante, poderanse presentar solicitudes transcorrido o prazo establecido cando se trate de cambios de titularidade ou vinculadas a licenzas de establecemento principal de apertura posterior.

8.- A instalación da terraza, sen ter efectuado o pago da taxa do ano anterior, será considerada, para os efectos desta ordenanza, como instalación da terraza sen licenza municipal; procederase a notificar a paralización desta actividade coa retirada dos elementos que posibilitan a actividade.

#### **Artigo 5.- Fianza**

1.- No momento de realizar a solicitude, e para responder dos posíbeis deterioros que se poidan causar no dominio público e nas súas instalacións, será preciso a constitución dunha fianza.

2.- O importe desta fianza será dun 30% da cota anual que hai que satisfacer como mínimo; determínase no caso de cerramento estábel un 6% adicional en función da valoración das obras que se vaian executar.

#### **Artigo 6.- Modificacións**

No suposto de que se acordase a renovación, as/os interesadas/os en modificar o autorizado o ano anterior deberán solicitalo expresamente, no prazo que se establece para o efecto, para o que achegarán a documentación da nova ocupación pretendida que cumpra os requisitos establecidos no artigo 4.1.

#### **Artigo 7.- Vixencia**

1.- As autorizacións terán vixencia para o ano natural. Se expresamente non se renuncia a 1 de decembro, entenderase prorrogada a autorización para todos os efectos.

2.- Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, de implantación, supresión ou modificación de servizos ou de realización de actos públicos ou privados, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito á indemnización en favor do/a interesado/a.

#### **Artigo 8.- Silencio administrativo**

As solicitudes non resoltas expresamente no prazo de tres meses, que comezará a contar dende a presentación, entenderanse como denegadas.

#### **Artigo 9.- Carácter da autorización**

As autorizacións concedidas outórganse sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.

#### **Artigo 10.- Transmisibilidade**

1.- As autorizacións para instalar as terrazas de veladores serán transmisíbeis conxuntamente coas licenzas dos establecementos principais, subrogándose todas as condicións establecidas para a apertura destes.

## TÍTULO II

## RÉXIME XURÍDICO

### **Artigo 11.-** Actividade

A autorización para instalar a terraza estará condicionada a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente licenza de apertura do establecemento, coas limitacións que en materia de consumo, prevención de alcolismo, emisión de ruídos etc. se establezan nas ordenanzas municipais e na lexislación sectorial aplicábel vixente.

### **Artigo 12.-** Horarios

O horario de funcionamento das terrazas situadas en dominio público ou de titularidade privada ou uso público será o que teña a actividade asociada.

### **Artigo 13.-** Mantemento

Fóra do horario diario autorizado para exercer a actividade nas terrazas autorizadas, as e os titulares están obrigados a retirar e almacenar debidamente fóra dos espazos públicos os elementos do mobiliario urbano que no constitúan cerramento estábel.

Durante o período da autorización, os e as titulares deberán realizar os labores de limpeza da superficie ocupada e dos elementos existentes dentro desta.

## TÍTULO III

### CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

### **Artigo 14.-** Criterios de concesión

As autorizacións de instalacións de terrazas terán en consideración a incidencia do tráfico peonil, o número de terrazas solicitadas para a mesma zona, o contorno visual dos espazos públicos, prevalecendo en todo caso o uso común xeral.

O Concello sinalará unha porcentaxe do espazo máximo de ocupación por terrazas de veladores coa superficie total de zonas peonís.

### **Artigo 15.-** Superficie autorizábel e modalidade de ocupación

A instalación da terraza de veladores realizarase:

- No caso de instalarse apegada á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá superar a porción desta ocupada polo establecemento, excepto que se conte coa autorización do/a titular do edificio ou edificios colindantes.
- Se a instalación se realiza fronte ao establecemento, non poderá superar a lonxitude da fachada do propio edificio e de colindantes.
- Se máis dun establecemento do mesmo edificio solicita autorización de veladores, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada e repartiranse o resto da lonxitude da fachada propia e da dos dous colindantes a partes iguais; respectarán en todo caso os accesos que poidan existir.
- Cando o espazo permita implantar máis dunha fila de veladores, poderán disporse como mellor conveña sempre que permita o fácil acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso dos/as camareiros/as. A superficie ocupada polo corredor contabilizará dentro da superficie de ocupación da terraza.

### **Artigo 16.-** Limitacións



As autorizacións para instalar terrazas de veladores estarán suxeitas ás seguintes limitacións ou restricións:

- Non se permitirá a implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña do bordo no mesmo tramo de beirarrúa.
- Non se permitirá para un mesmo establecemento instalar a terraza de veladores con cerramento perdurábel e terraza de veladores sen cerramento estábel no mesmo espazo.
- Non poderá colocarse no solo de titularidade ou uso público mobiliario ou elementos que non estean incluídos expresamente na autorización.
- A disposición das terrazas deberá integrarse no mobiliario urbano existente e de modo que non dificulte ou impida a visibilidade e tránsito e correcto uso dos elementos que xa se atopen instalados na vía pública. En todo caso, deixarase o espazo público para o acceso a portais, pasaxes permanentes, mobiliario urbano, así como a utilización dos servizos públicos, tales como pasos peonís, zonas de accesibilidade que suprimen barreiras arquitectónicas...
- Está prohibido instalar máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, futbolíns ou outras análogas.
- Non se permitirá instalar mostradores ou outros elementos para o servizo da terraza, que deberá ser atendida dende o propio establecemento.
- Todas as instalacións que se pretendan situar na terraza deberán cumprir a lexislación sectorial vixente.

#### **Artigo 17.-** Estética

Por cuestión de estética, as terrazas deberán axustarse ás seguintes precisións:

- a) Manterase para os parasoles unha soa cor por terraza. Cada parasol ou toldo deberá ser dunha única cor.
- b) As mesas e cadeiras serán metálicas, plásticas ou derivadas, en cor natural e poden conxugarse con complementos nas cores segundo o criterio do apartado a). No caso de seren de madeira, estas serán vernizadas en cor escura.
- c) Ningún destes elementos poderá ter publicidade, salvo a rotulación do toldo que poderá levar o nome do establecemento.
- d) Os almacenamentos do mobiliario realizaranse en espazo privado e deixarase en cada xornada o espazo ocupado nas condicións de limpeza axeitadas.
- e) Queda prohibido almacenar ou amorear produtos ou materiais xunto ás terrazas, así como residuos propios da instalación.
- f) Deberá figurar nun sitio visíbel a lista de prezos e demais autorizacións precisas, así como os horarios.

#### **Artigo 18.-** Condicións específicas para instalar terrazas de veladores sen cerramento perdurábel

Cumprirase para calquera das terrazas autorizadas a normativa de carácter local, autonómica ou estatal de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas vixente no momento da instalación destas.

**Artigo 19.-** Condicións específicas para instalar terrazas de veladores con cerramentos estábeis

Este artigo, ao igual que o anterior, tamén se rexe pola normativa de carácter local, autonómica ou estatal de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas vixente no momento da instalación da terraza.

As limitacións e condicións serán, en todo caso, as seguintes:

a) Só se permitirá un paramento estábel, prefabricado, translúcido, doadamente desmontábel, por local ou establecemento ademais do elemento de cubrición.

b) A lonxitude de ocupación do cerramento será:

- Se se sitúa fronte do establecemento, como máximo a lonxitude da fachada do edificio onde se atopa o establecemento principal.
- Se se sitúa apegado á fachada principal do establecemento, só poderá ocupar a lonxitude desta.

c) A altura mínima interior será de 2,20 m.

- O cerramento estábel deberá contar cun cartel indicativo do aforo máximo.

d) Non se permite colocar ningún elemento no exterior do cerramento.

e) Os elementos que se instalen no interior do cerramento deberán cumprir a lexislación sectorial vixente.

**Artigo 20.-** Prohibicións

A autoridade municipal denegará a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Que a instalación se pretenda realizar na calzada, na zona de aparcamentos de vehículos ou nas zonas axardinadas.
- Que supoña para atendela atravesar calzada con tráfico rodado, que entrañe perigo e risco.
- Que supoña prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade etc.) ou que dificulte o tráfico peonil.
- Que poida incidir sobre a seguridade dos edificios e locais próximos, sobre todo en canto á zonas de evacuación.
- Que impida ou dificulte o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, bancos etc.).
- Outras que a criterio municipal se poidan considerar.

**Artigo 21.-** Condicións para instalar mesas altas

A disposición de mesas altas deberá garantir unha zona de paso libre mínima e aplicaráselle as limitacións e prohibicións establecidas nos apartados anteriores, así como o recollido no artigo 19 respecto das beirarrúas.

#### TÍTULO IV INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

##### **Artigo 22.-** Infraccións

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza.

As infraccións serán sancionadas pola Alcaldía o polo/a concelleiro/a delegado/a da área e clasificaranse en leves, graves e moi graves.

##### 1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) O estado de sucidade ou deterioro da terraza e a súa contorna próxima, cando sexa consecuencia da instalación da terraza ou uso.
- b) Almacenar ou amorear produtos, envases ou residuos na zona da terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- c) Incumprir calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

##### 2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) Incumprir o horario establecido.
- b) A maior ocupación de superficie e/ou a instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.
- c) O deterioro nos elementos do mobiliario urbano e ornamental producidos como consecuencia da terraza.
- d) Incumprir a obriga de retirar ou recoller e amorear o mobiliario da terraza ao finalizar o horario de funcionamento.
- e) Reincidir por tres ocasións nunha falta leve.

##### 3.-Consideraranse infraccións moi graves:

- a) Negarse ou impedir a comprobación, control o inspección por parte dos/das axentes da autoridade.
- b) Reincidir por tres ocasións nalgunha falta grave.

##### **Artigo 23.-** Sancións

1.- Incumprir as condicións establecidas na licenza poderá dar lugar á suspensión temporal ou á revogación da autorización, atendendo á gravidade da infracción, transcendencia social do feito e outras circunstancias que concorran no caso, así como outros elementos que poidan considerarse atenuantes ou agravantes de acordo co seguinte:

- No caso de infraccións leves, a multa municipal poderá ser de 5 ata 60 €.

- No caso de infraccións graves, a multa municipal poderá ser de 61 ata 90 €.
- No caso de infraccións moi graves poderán determinarse multas de 91 ata 150 € e incluso impoñerse a suspensión definitiva da licenza.

3.- Así mesmo, e alén da sanción que en cada caso corresponda, a Administración municipal ordenará, se é o caso, retirar os elementos e instalacións con restitución ao estado anterior á comisión da infracción.

- Os/as titulares das licenzas deberán cumprir as ordes da retirada nun prazo máximo de 48h dende o día seguinte á notificación. No caso de incumprimento, o Concello executaraa subsidiariamente a custa dos/as obrigados/as, que deberán aboar os gastos de retirada, transporte e depósito dos materiais.

4.- Nos supostos de instalacións de terrazas sen a oportuna autorización ou que non se axustan ao autorizado, así como por razóns de seguridade, o Concello poderá retirar de forma inmediata e sen previo aviso toda a terraza ou os elementos non autorizados, segundo corresponda; os gastos que se produzan serán por conta da/o titular.

5.- Sen prexuízo do anterior, os actos ou incumprimentos nesta materia que impliquen infracción da normativa urbanística serán obxecto de sanción nos termos que determine o réxime sancionador previsto nesta.

#### **Artigo 24.-** Servizos de inspección

O exercicio das funcións de inspección e comprobación do incumprimento do disposto na presente ordenanza corresponderá aos/ás axentes do Corpo de Policía Municipal.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Durante o primeiro ano natural de vixencia da presente ordenanza, todas as solicitudes deberán tramitarse como novas, sendo ese mesmo período de tempo o establecido para adaptar o mobiliario nas zonas afectadas segundo o recollido no artigo 17, e non será de aplicación o establecido para os prazos da solicitude.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Ca entrada en vigor da presente ordenanza, queda derogada a anterior ordenanza de terrazas do Concello de Moaña e cantas disposicións do mesmo ou inferior rango regulen as materias contidas na presente Ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan ao contido da mesma.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.”

#### **4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2011.**

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposta:

##### **“PROPOSTA CONTA XERAL 2011**

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2011, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas (regra 102.4 da ICAL).

Considerando que, formada e informada favorablemente dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Considerando que a Conta Xeral do exercicio 2011 foi informada pola Comisión especial de contas en sesión celebrada o día 08/10/2012.

Considerando que durante o período de exposición pública non houbo reclamacións, propónse

##### **PROPOSTA**

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do Concello de Moaña e do Patronato correspondentes ao exercicio 2011.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que como anunciaron na Comisión Informativa de Contas cando se presentou a Conta Xeral a aprobación inicial, o BNG vai votar en contra. Os motivos están explicados. A Conta Xeral non responde aos estado real das finanzas municipais a 31 de decembro. Nese momento había un millón trescentos mil euros sen contabilizar, co cal os números non se axustan á realidade. Unha situación alterada mediante o Real Decreto de creación dos créditos ICO que permitiu o pago. Como tantas veces o Alcalde denunciou cando estaba na oposición votando en contra da Conta Xeral nos anteriores catro anos, iso falsea as contas municipais á data 31 de decembro. Non podemos dar a nosa conformidade a un expediente con sesenta e oito reparos da Intervención Municipal: contratos de obras, modificacións de créditos, incumprimento na prelación das ordes de pago... O Alcalde por algo semellante tratounos case que coma delinquentes, por eses informes de reparo. No ano 2011, a 31 de decembro, inclúense sesenta e oito documentos de reparo por non ser conformes á normativa. Deses sesenta e oito, quince son atribuíbles ao anterior Alcalde. O resto, cincuenta e tres, en seis meses de goberno, son atribuíbles ao seu puño e letra. O actual Alcalde cando estaba na oposición, considerábao delito. Agora é motivo suficiente para que non o aprobemos. Estamos ante un exercizo de

falsa austeridade coma o que fai o Presidente da Xunta e o do Goberno do Estado. A 29 de novembro leva camiño similar ao do 2011. Seiscientos corenta e un mil trescentos cincoenta e sete euros e oitenta e un céntimos sen pagar e trescentos cincoenta mil sen recoñecer e sen a tramitación legal requirida. Provedores que, salvo miragre, quedarán sen cobrar, caso da débeda con Telefónica. Sen contabilizar o crédito, cerca de un millón de euros de impagos e facturas sen recoñecer. O Decreto de Rajoy puxo o contador a cero. Á volta de dez meses estamos xa nun millón de euros. É altamente preocupante. Falsa política de austeridade, a redución do soldo do Alcalde e a redución de gastos en teléfonos. Tratábase de non pagarlle a Telefónica. Así non se aforra. Recoñézolle que sabe negociar os tempos, pero vanse acabar aburrindo. O BNG non pode dar o vota favorable á Conta Xeral.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que, como xa dixo en anteriores coasións, non valora colaborar na aprobación de ningún asunto económico ata que presenten os orzamentos. Están a xestionar uns orzamentos que o Alcalde rompeu ante o Pleno. Mentres non presente uns orzamentos cunha débeda asumible non contará co noso apoio. A medida de pago a provedores prevése como unha medida excepcional. Veremos cómo se reflexa en contabilidade o pago de facturas que non foron aprobadas.

A Sra. Solla, Concelleira do PP, afirma que efectivamente hai facturas non recoñecidas. Serán recoñecidas na conta 413 da contabilidade xeral. O que se trae a votación é a aprobación da Conta Xeral. Houbo reparos, sesenta e oito. Estase a intentar que non se emitan eses reparos, retendo crédito para pagar a provedores. As contas están feitas e se presentan para a aprobación. Non se trata de discutir a xestión.

O Sr. Alcalde sinala que son consecuentes co que se di. A Conta Xeral será remitida ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas do Estado. Sometéronse a exposición pública. Non se presentaron alegacións. Foron ditaminadas en Comisión. Presentan todos os documentos esixibles, cos reparos emitidos. Será fiscalizada. O Concello paga cada mes. Nóminas, recibos, Seguridade Social e facturas pendentes que se atopaban aí. Estamos a pagar sentenzas e xuros que quedaron pendentes. Chegan todos os días. Miles de euros que alguén non pagou anteriormente. Este goberno non creou esta débeda. Estamos a presentar as contas en tempo e forma, facilitando o acceso a todos os documentos contables. Cando estaba na oposición tiña que agardar para consultalo, logo de pedilo por rexistro. A Conta Xeral cumpre en prazo. Outros concellos non o fan. Cada ano o Concello ten que abonar os pagos á Seguridade Social. Falsidades as xustas. Todos somos responsables en parte. Nós, en ano e medio, pero os que estiveron antes tamén teñen unha importante cota de responsabilidade.

O Sr. Millán di que convén aclarar algunhas cousas que o Alcalde confundiu. As contas non se presentan en prazo. Para iso terían que mandalas no mes de outubro. Quen dixo que nós eramos uns delincuentes foi o Alcalde cando estaba na bancada da oposición. Agora xa non é delincuente. Hai persoas que cambian de idea segundo o lugar que ocupan. As solicitudes de documentación que presentaba vostede, Sr. Alcalde, eran imposibles de atender. Os técnicos precisaban de días para preparar a documentación. En cambio, nunca solicitou o estado de execución dos orzamentos. Pero non nos vote a culpa a nós. Cando vostede pedía o nome dos acredores e a estatística de todas as infraccións urbanísticas, era unha documentación que non existía como tal. Pode preguntar ao seu compañeiro de partido no 2003 canto se debía á Seguridade Social. Sentenzas xudiciais non serán moitas. Gustaríame saber cales son. Tamén hai créditos consignados para eses pagos que se empregaron en pagar outras cousas. Moitas sentenzas non debe ter. Iso non modifica nada. Estaán a facer unha xestión pobre. Perdendo subvencións. En vez de investimentos conseguen unha aula da

natureza. Perden a subvención de normalización lingüística. Válenlles as migallas. Aagardamos pola primeira medida que tomen de natureza económica, salvo o do Decreto de Rajoy. Comprometéronse a facer contratacións por lotes, comprando ao por maior. Séguese a facer o mesmo de hai anos. No apartado de ingresos, non incrementaron nin un euro. Perderon miles. Tiran de un orzamento de contención. Comecen a pensar en cal é a súa política económica. Por exemplo, dixeron que ían presentar os orzamentos en outubro.

O Sr. Pastoriza sinala que o actual Goberno xa leva suficiente tempo gobernando. Con trámites importantes pendentes: O PXOM e os orzamentos. Sabemos o que pasa, nada de nada. Preparen os orzamentos. Co noso voto puideron poñer a cero as débedas do Concello o que lles deu máis maniobrabilidade. Estamos quedando a deber cen mol euros cada mes. Respecto do acceso á documentación, sabemos qué informes podemos pedir e se nos poden dar. Pero hai tamén solicitudes, papeliños de hai meses, dos que non sabemos nada.

Non se suscitan máis intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral do Concello de Moaña e do Patronato correspondentes ao exercicio 2011, rexeitándose por sete votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, o Voceiro do BNG, Sr. Millán, afirma que hai unha dúas mocións presentadas, respecto do mesmo asunto, a do seu Grupo e a da Plataforma de afectados, e solicita o seu debate conxunto. Os argumentos serán semellantes. A votación por separado.

O Sr. Alcalde da a súa conformidade.

#### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A MODIFICACIÓN DA LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS E 6º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA DE AFECTADOS HIPOTECAS DO MORRAZO SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS.**

Dona María José Álvarez Vázquez, Presidenta da Plataforma de afectados polas hipotecas do Morrazo, afirma que no Pleno celebrado o 28 de abril de 2011, xa se adoptaron unha serie de acordos sobre esta problemática, como a posibilidade da dación en pago de tal xeito que nos casos de residencia habitual, cando o banco execute a hipoteca e se quede coa vivenda, a totalidade da débeda quede liquidada. Ademais, se instaba ao Goberno Central a aprobar unha moratoria para paralizar os desafiuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. Finalmente acordouse crear unha comisión especial con representantes da corporación, asociacións de afectados e asociacións veciñais ou de carácter social que sexan coñecedoras da problemática na busca de alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos. Esta Plataforma agora presenta ante o Pleno unha nova moción cos seguintes acordos:

“

**PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Central a unha rápida e contundente modificación legislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito**

que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

**SEGUNDO.-** Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, **nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago**, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca e o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.

**TERCEIRO.-** Instar ao Goberno para que **adopte as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos no caso de vivendas en aluguer**, coa **retirada do anteproxecto da lei para a dinamización da vivenda en aluguer**, que prevé desafiuzamentos en dez días, co fin de mellorar a protección da cidadanía en momentos de tribulacións económicas.

**CUARTO.-** Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean **cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española**, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

**QUINTO.-** Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

**SEXTO.-** Modificar o réxime de tasación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.

**SÉTIMO.-** Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.

**OITAVO.-** Establecer un réxime especial no caso de execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.

**NOVENO.-** Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.

**DÉCIMO.-** Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.

**UNDÉCIMO.-** Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal:

11.1. **Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas** que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

11.2. **Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento**, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e se refira á vivenda única e habitual.

11.3. **Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento.**

11.4. **Interpelar ás entidades financeiras** que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.

11.5.- **Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran.**

11.6.- **Habilitar un fondo especial dentro dos orzamentos de emerxencia social para prestar axuda económica ás persoas e familias en situación de desafiuzamento, para dar solución provisoria aos casos de carencia de vivenda alternativa.”**



A Sra. Álvarez engade que a moción non se sale do normal. Na Plataforma estamos persoas afectados por un embargo ou por unha hipoteca. Non somos un partido político. Sigo estando afectada, estar a xogar comigo e cos demais. Non hai peor sordo que o que non quere oír. En Cangas, a semana pasada, fíxose a cuarta dación en pago. Damos ideas. Non é ningunha tontería. Estivemos a agardar por unha reunión cun constructor, agardando a que aparecese. Ao final, para presentar en Pleno unha moción conxunta e que non nos chame nin Deus. As propostas no Congreso saíron da Plataforma de afectados estatal. Se queremos pedir contas, temos que agradecer á Asociación da Chamusca por abrírnos as portas. Solucionenme o meu caso e déixense de historias. Trallemos en conxunto. Levo anos con problemas por vinte tres mil euros cando noutros concellos se consegue a condonación de débeda de trescentos mil euros. Non son ideas políticas senón de afectados coma nós. A semana pasada tivemos un desafiuzamento. Ás leis as cambias vostedes non vós. ¿ A qué agardan? ¿ a que me tire do balcón ou a que pegue un tiro ao da caixa de aforros?. Ano e medio agardando propostas na Comisión sen que ninguén faga nada. Solo loito por unha familia cun enfermo grave que poden sacar da súa casa. Unha situación precaria, non merezo estar así. Esta menda lerenda non vai presentarse máis na Comisión. É unha pantomima. Movilizareime diante da sucursal cando faga falta. Deixen de xogar ca xente. Agardando a que me chamen para unha reunión para que un constructor aporte pisos de alugues social. Aínda encima teño que aturar que un veciño me chame pufera ca miña filla diante. Fagan o favor de reflexionar. Cando queren algo comigo estou disposta a falar. Agora o BNG presenta a súa moción.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, da lectura á moción presentada polo seu Grupo:

## **“MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DA LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pón diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este

problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.

O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

## **ACORDOS**

**1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:**

- **Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.**
- **Establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.**
- **Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.**
- **Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.**
- **Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.**
- **Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:**

- **Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.**

**3. Instar á Xunta de Galiza á**

- **Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.**
- **Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.**

**4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.**

**5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:**

- **Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.**
- **No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.**
- **Prestar apoio administrativo e xurídico ás persoas suxeitas a procedementos de desafiuzamento.**
- **Habilitar un fondo especial dentro dos orzamentos de emerxencia social para prestar axuda económica ás persoas e familias en situación de desafiuzamento, para dar solución provisoria aos casos de carencia de vivenda alternativa.”**

Engade o Sr. Millán que o que hai dous anos parecía que ninguén entendía, unicamente os afectados, hoxe parece un auténtico clamor. A aplicación da lei hipotecaria creou unha situación dramática, nun contexto de catro millóns de parados. Que os bancos puidesen utilizar ás familias como fan. Os que non víamos a onde ía a crise económica debemos pedirlle perdón aos afectados. Hoxe podemos ver a dimensión da inxustiza, os xuíces néganse aplicar as normas de desafiuzamento. O Parlamento Europeo valorando o que se está a facer en España. Mandatarios de países iberoamericanos pedindo á xente que se rebele. Un clamor con todo o que está a pasar. E o PP e o Presidente do Goberno sacando un decreto que parece de mala beneficiencia. Un problema que vai ir a máis. Non se pode andar con panos quentes. Non presentamos esta moción para sair na foto. Levamos dous anos expoñendo o problema. A medida máis urxente é modificar a lei hipotecaria. A situación que xurde da aplicación da lei é inhumana. O que ten maioría no Parlamento debe dar ese paso. Mentres tanto, deben aplicarse as medidas oportunas para deter eses desafiuzamentos. A modificación da lei hipotecaria debe aplicarse con carácter retroactivo. Debe habilitarse unha protección legal e económica para evitar os efectos. A gran banca di que son eles os paganos cando recibiron cen mil millóns de euros. Outros tantos hoxe. Vaise crear un banco malo que vai converter pisos que valían hai tres anos cento vinte mil euros ou catrocentos mil en pisos que van valer corenta mil. O resto, ¿quen o vai pagar?. Todo para beneficio dos mesmos, da banca. Dentro de catro ou cinco anos poderán ter beneficios pero polo menos, pídaselles que coman pero que non deboren como lobos. Non son problemas individuais, é un drama social que o sufren moitas persoas e outras poderán sufrilo moi pronto. Ninguén está libre de risco. Deben afrontar o problema as institucións e as cámaras lexislativas. Isto ten responsables políticos. Non se trata de un mal fario. É unha situación provocada por unha burbulla inmobiliaria. Hai responsables políticos como problema político que é. O BNG presenta esta moción ca inclusión de medidas paliativas, permitindo a dación en pago, transformando hipotecas en alugueres, prestando amparo económico, xurídico e social ás familias afectadas. É un problema de todos. Que o Presidente do Goberno pense e vaia máis alá e tome as decisións oportunas en favor dos cidadáns, dos máis desfavorecidos e non a favor da banca. O que fixeron cas preferentes debe ser a última mostra de políticas de despreocupación que apliquen. Apoiamos á Plataforma de afectados e solicitamos do Goberno Municipal que apoie as dúas mocións.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que a degradación da economía fai que todos os que estamos hipotecados leamos as noticias con preocupación e o contrato da nosa

hipoteca. Neste drama, que non remata, xurden dramas familiares e situación rexeitables. Tivo que haber un suicidio para que se tomase conciencia do problema e se plantexese a modificación da lei hipotecaria e a adopción de unha serie de medidas a aplicar. A situación é difícil pero o que non é de recibo é que os protagonistas da situación, os bancos, saian de rositas e sexamos os veciños os paganos. O Estado adícase a rescatar aos protagonistas e cando van votar da casa aos veciños ninguén se acorda. Que os partidos asuman a responsabilidade e aporten as medidas para deter os casos extremos e se busquen solucións alternativas. Débedas eternas, sen fin. Apoiaremos as mocións presentadas. Non quixemos protagonismo no caso. Non comparto a visión tan negativa sobre a Comisión. María José, lembro as túas actuacións diante da Caixa, serviu de espoleta, con efecto mediático. Non deberías abandonar a presidencia da Comisión. A identificación das persoas en situación de desafiuzamento, tratando de paralo, a capacidade de mobilización, solo por iso paga a pena. Se desaparece a Comisión tmaén pode perderse todo iso. Reconsidera a túa decisión. Nós, en calquera caso, nunca pretendimos protagonismo.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, afirma que logo da exposición dos voceiros, pouco queda que dicir. Estamos ante un tema moi delicado. As situacións persoais que se están a dar son coñecidas na Comisión. Non vou falar de grupos políticos. A unión fai a forza. Debemos recapacitar. Na medida do posible nesta Comisión tratamos de facer todo o que podemos, aparte de desacordos puntuais. Dende o momento que se nos pediu axuda pusimos a disposición os medios ao noso alcance, a avogada do CIM, os concelleiros a disposición dos afectados. Estou de acordo co apuntando sobre a capacidade de mobilización da Comisión, unha capacidade moi grande. María José, reconsidera a intención de abandonar a presidencia. Ás veces non está na nosa man que un director de banco ou un promotor nos faga caso. Seguiremos loitando. Non se nos pasou pola cabeza non apoiar estas mocións. Todas as ideas positivas que axuden á senté van contar co noso apoio. Co graniño de todos espero que sexamos capaces de sacar isto adiante.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, di que entende o que María José espuxo. Dixéronse moitas palabras pero a realidade é distinta. Cousas que resulta que agora se poden facer. A pancarta, díxose que si. Un informe que se pide ao Secretario que tarda sete meses cando en Cangas tívose en un mes. Entendo o que reclama María José. Espero que siga na Comisión. Temos que apóyala con medidas concretas. A Comisión non está funcionando. Houbo solo dous casos que rentabilizou o Alcalde. Parece que foi el o que parou o desafiuzamento.

O Sr. Alcalde agradece a presentación das mocións. Somos conscientes do problema. Ao mellor, os políticos non tivemos vista suficiente para actuar. É un problema xeral, non de Moaña. En Moaña arregláronse máis de dous casos. Non todos pasan pola Comisión. Cada caso hai que estudalo. Estamos para aportar o que podemos. A vontade é axudar estando disponible incluso os domingos se fai falta. Traballamos o que podemos o tempo que faga falta, arrimando o homereiro e axudando a calquer veciño. Un esforzo de todos os grupos para resolver os casos que se presentan.

A Sra. Montserrat Pose, afectada tamén polas hipotecas, afirma que o seu caso precisaba de unha chamada telefónica. Tívena que facer eu e arranxalo. Non se está a facer todo o que se pode. Seis meses agardando a ver qué pasa e tiven que falar eu. A persoa da Comisión non o fixo. Ao mellor non se está a ser dilixente.

A Sra. Álvarez sinala que o seu caso é o mesmo. A persoa da Comisión falou co director de banco e non sabe do que falou.

O Sr. Alcalde di que non sabe se esa persoa está presente.

A Sra. Pose afirma que non está.

O Sr. Alcalde di que lle preguntará sobre iso.

A Sra. Pose afirma que non se está a facer o necesario para que as comisións sexan efectivas. Non sabemos nada.

O Sr. Alcalde sinala que antes da celebración da Comisión resolveuse un caso e outro en verán. Se comentas que levas catro anos. Estase a tratar caso por caso. Falouse ca entidade acompañado das Concelleiras. Quero agradecer o apoio de todos os Concelleiros.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación, en primeiro lugar, a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre a modificación da Lei Hipotecaria e adopción de medidas sociais para solucionar o drama dos desafiuzamentos, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:

- Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
- Establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
- Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
- Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
- Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.
- Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:

- Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.

3. Instar á Xunta de Galiza á

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:

- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posible e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.
- Prestar apoio administrativo e xurídico ás persoas suxeitas a procedementos de desafiuzamento.
- Habilitar un fondo especial dentro dos orzamentos de emerxencia social para prestar axuda económica ás persoas e familias en situación de desafiuzamento, para dar solución provisoria aos casos de carencia de vivenda alternativa.

A continuación sométese a votación a moción presentada pola Plataforma de afectados hipotecas do Morrazo sobre medidas do Concello fronte aos desafiuzamentos, quedando igualmente aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes, co seguinte texto e acordos nela incluídos:

### **“MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE MOAÑA FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS**

Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Moaña non é alleo a este fenómeno, xa que continúan a producirse cada día máis casos de familias completas con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dose seus maiores logros, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.

No procedemento xudicial hipotecario, a vivenda pódase e a Lei de Enxuízamento Civil establece que, no caso de presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor de taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que se poxou a vivenda), incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.

Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida polas familias cando rubricaron as hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos a sobervaloración das taxacións das vivendas e tamén, a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos que firmaron.

Hoxe en día, calquera non pagamento pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que adebedan, e nos contratos que firmaron agochábanse numerosas cláusulas abusivas, como as do só –teito, ou dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.

Por todo o exposto, dende a PAH do Morrazo, considérase que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o da vivenda. O artigo 47 da Constitución di que *“Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”*.

A perda da vivenda tamén leva consigo a perda doutros dereitos e impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar, e profesional, e condena en moitos casos á maxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan algunhas das nosas familias, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Polo tanto, faise necesario intervir con urxencia ante esta dramática situación, que levou a horrorosos desenlaces coa perda de vidas, e que coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.

O Pleno do Concello de Moaña celebrado o 28-04-11 xa tomara acordos moi concretos ao respecto desta problemática que cumpre recordalos nesta exposición:

1º.- Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da dación en pago, de tal xeito que nos casos de residencia habitual , cando o banco execute a hipoteca e se quede coa vivenda, a totalidade da débeda ( principal, intereses e costas) quede liquidada.

2º.- Instar ao Goberno Central a aprobar unha moratoria que paralicen os desafuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. E para os xa producidos aprobar medidas de urxencia que poñan a disposición das familias afectadas os milleiros de pisos acumulados polas entidades financeiras en réxime de aluguer social que non supere nunca o 30% da renda familiar dispoñible.

Do mesmo xeito e neste período, foron presentadas propostas de lei no Congreso dos Deputados por partidos políticos como o BNG ou EU que foron rexeitadas polas distintas maiorías parlamentares, como tampouco foron aceptadas INICIATIVAS LEXISLATIVAS POPULARES no mesmo senso das Plataformas de Afectados polas mesmas maiorías políticas.

En consecuencia, lévase perdido moito tempo, vidas e sacrificios innecesarios de cidadáns alleos a orixe desta crise e chegamos a un momento en que a maioría social deste país non está disposta a consentir que siga esta situación.

Por todo o exposto, o PAH do Morrazo, somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Central a unha rápida e contundente modificación legislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos**, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

**SEGUNDO.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago**, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca e o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.

**TERCEIRO.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos no caso de vivendas en aluguer, coa retirada do anteproxecto da lei para a dinamización da vivenda en aluguer**, que prevé desafiuzamentos en dez días, co fin de mellorar a protección da cidadanía en momentos de tribulacións económicas.

**CUARTO.- Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española**, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

**QUINTO.- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.**

**SEXTO.- Modificar o réxime de tasación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.**

**SÉTIMO.- Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.**

**OITAVO.- Establecer un réxime especial no caso de execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.**

**NOVENO.- Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.**

**DÉCIMO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.**

**UNDÉCIMO.- Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal:**

**11.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas** que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

**11.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento**, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e se refira á vivenda única e habitual.

**11.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento.**



11.4. **Interpelar ás entidades financeiras** que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.

11.5.- **Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que o requiran.**

11.6.- **Habilitar un fondo especial dentro dos orzamentos de emerxencia social para prestar axuda económica ás persoas e familias en situación de desafiuzamento, para dar solución provisoria aos casos de carencia de vivenda alternativa.**

## **7º.- MOCIÓN DO PSOE PARA A MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS NOS PAGOS DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA AS FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.**

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, afirma que presentan a moción de carácter económico cunha transcendencia social para beneficiar ás familias afectadas polas políticas duras e restrictivas que se están a aplicar, con medidas que van acabar eiliminando á clase media. Trátase solo dun gran de area entre as medidas que se pretenden aplicar na esfera municipal. Estas medidas deberían ser trasladadas ás correspondentes ordenanzas municipais. Agardo polo apoio de todos os Grupos para poder mellorar a situación de moitos fogares de Moaña. Seguidamente, a Sra. Freire lee a moción:

### **“MOCION PARA A MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS NO PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA AS FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSION**

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Moaña, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte moción:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Unha das principais consecuencias da crise económica que estamos padecendo no noso país, é o elevado e interminable aumento das cifras de desemprego, que están a alcanzar niveis nunca vistos.

O desemprego segue crescendo en España e marca un novo rexistro histórico ao superar o 25% da poboación activa, mais de 5,7 millóns de persoas, segundo datos publicados recentemente polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

O noso concello non é alleo a esta lamentable circunstancia. Os datos do desemprego en Moaña sitúase en 2399 persoas. Cada vez son mais os veciños e veciñas que non reciben ningún tipo de prestación, e incluso son bastantes os núcleos familiares que contan con todos os seus membros en paro.

O PSdeG-PSOE de Moaña é consciente que soamente coa actuación municipal non se pode acabar co desemprego a alcanzar a tódolos cidadás que o necesitan. Pero, igualmente, consideramos que si se pode contribuír a paliar en parte a situación de aquelas familias que se atopan en peor situación económica por mor do desemprego.

Os cidadáns demandan dos poderes públicos, cada vez con maior intensidade, políticas activas que diminúan o seu sufrimento. Entendemos que este tipo de actuacións terían que ser prioritarias na axenda política do goberno local e así reflectirse nos orzamentos para 2013.

Co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos moañeses/as que se atopan nunha situación complicada pola falta de recursos económicos, o grupo municipal socialista presenta para o seu debate e aprobación en pleno os seguintes acordos:

- 1- Instar ao goberno local á aplicación da exención do pago de impostos e taxas municipais a aquelas familias que con tódolos seus membros en paro non perciben ningún tipo de prestación, como medida paliativa para aliviar na medida do posible a súa situación.
- 2.- Instar ao goberno local a aplicación dunha dedución do 50% no pago dos impostos e taxas municipais a aquelas familias cuxa renda total da unidade familiar dividido entre o número de membros de dita unidade sexa igual ou inferior ao 75% do Salario Mínimo Interprofesional. (O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para 2012 é de 641,40 euros/mes e o 75%, 481,05 euros).
- 3.- Instar ao goberno local á posta en marcha dun Plan de Emprego Local dirixido principalmente aos desempregados.”

Non se suscitan outras intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción do grupo municipal do PSOE para a modificación dos criterios nos pagos dos tributos municipais para as familias en risco de exclusión social, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros presentes.

#### **8º.- TOMA EN COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DO BNG. D. VALENTÍN PIÑEIRO GONZÁLEZ.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA AO PLENO DO CONCELLO.**

**Asunto:** COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO PRESENTADA POR DON VALENTÍN PIÑEIRO GONZÁLEZ.

Visto o escrito presentado en data 24 de novembro de 2012 polo Concelleiro Don Valentín Piñeiro González, mediante o cal renuncia á súa condición de Concelleiro do Concello, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada o día 11 de xuño de 2011, como consecuencia de ser proclamado electo tras o proceso electoral ao que concorreu coa candidatura presentada polo BNG, na cal ocupaba o posto número cinco, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de data 10 de Xullo de 2003, a Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por Valentín Piñeiro González á súa condición de Concelleiro do Concello de Moaña e a todos os demais cargos que detenta en virtude desta condición.

Segundo.- Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que se expida pola mesma a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, que segundo os datos que obran no Concello é D. Odilo Barreiro Martínez, candidato que ocupou o posto número nove na lista electoral do BNG nas eleccións locais de 2011.”

O Sr. Piñeiro afirma que se ratifica na súa renuncia.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que dende o PSOE queren agradecer o traballo desenvolvido por Valentín, como Concelleiro de Urbanismo e posteriormente polo seu traballo na oposición. Quero desexarlle, coma Concelleiro, toda a sorte do mundo. Persoalmente e máis aló de algunha discrepancia, creo que o tempo poñerá no teu sitio agradecendo o traballo desenvolvido neste Concello. (Aplausos).

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que coma Voceiro sinte orgullo colectivo por ter, durante cinco anos e medio a enorme fortuna de contar coa colaboración de Valentín Piñeiro. Unha adicación ao traballo as vinte e catro horas do día. Cunha honradez que non admite dúbida, cunha capacidade para entender os problemas buscando solucións e saídas. Cunha disposición constante ao servizo de todos os moañeses. É un orgullo ter contado con el. E agora é un momento triste. Compañeiros que van e veñen. Outro compañeiro volve. O traballo de Valentín, impulsando o PXOM, todas as obras feitas durante catro anos ou planificando outras en marcha. A disposición cos veciños nas comisións informativas. Sempre ao pé do cañón, ao servizo dos veciños. É unha tristura dobre. Veñen persoas novas, outros imos quedando atrás. Lembrarémose sempre nestes dous anos e medio, pola túa adicación e o teu traballo. (Aplausos).

A Sra. Varela, Voceira do PP, agradece a colaboración e o traballo realizado por Valentín Piñeiro dende o goberno e a oposición co propósito de servir ao pobo e aos veciños de Moaña. Á política é un medio para poder axudar aos veciños. Desexámose igual traxectoria profesional que política. Non che digo adeus senón ata logo. A vida dá moitas voltas e sería unha honra telo de novo coma membro da oposición. (Aplausos).

O Sr. Alcalde sinala que corresponde á Corporación agradecer ao Sr. Piñeiro polo traballo feito, á marxe de diferencias puntuais. Entendemos que o traballo faise en beneficio dos veciños. As diferencias quedan aquí. Agradecerche polo teu traballo e dedicación todo este tempo. Toda a sorte do mundo. Espero que poidas recuperar o tempo que non lle puides dedicar á túa familia. Que poidas desfrutala. Grazas pola túa aportación. (Aplausos).

O Sr. Piñeiro agradece as verbas. Quero dicir que me sinto moi orgulloso de ter formado parte desta Corporación Municipal este cinco anos e medio. Quero agradecer aos veciños e veciñas que depositaron a confianza en min. Agardo non telos defraudados. Quero tamén, amosar o meu agradecemento especial a unha persoa que se dedicou a traballar, na última parte da súa vida, pola cultura de Moaña. O mellor Concelleiro de Cultura que tivemos, Diego Riobó. (Aplausos). Pedir desculpas se en algún momento puideron molestar ou ofender a alguén no meu desempeño. Sou un traballador e estou orgulloso de serlo. Logo deste paréntese de cinco anos e medio, como traballador que sou, incorporareime ao meu posto de traballo, á vida laboral. (Aplausos).

## **9º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

A representante da ANPA Diapasón, Dna. María Elisa Costa, da lectura a un escrito presentado pola Anpa:

“Ao sr. Alcalde Presidente da Corporación, á Sra. Concelleira de Cultura Colomba López, ao Sr Concelleiro de Servizos Angel Manuel González e a Sra. Concelleira de Urbanismo e Infraestruturas Susana Varela,

A Asociación de Nais e Pais “Diapasón” de alumnos da Escola Municipal de Música de Moaña, representante destes e do resto de alumnos da Escola e dos Obradoiros Musicais e unha vez consultado ó director da Escola por certas incomodidades e falta de equipamento que a nova directiva ven percibindo

#### FAI SABER

1- Que dende o traslado da Escola á nova sede os usuarios estamos tendo problemas relacionados coa sucidade que existe nas paredes das aulas, que están aínda a día de hoxe co po de obra, chegando en algunhas ocasións a ser irrespirable cos cambios de temperatura. A isto súmaselle a humidade permanente de algunhas zonas nas que hai filtracións de auga nas paredes nas que o musgo aparece nestas datas chegando incluso a medrar setas dentro das aulas, e goteiras dende o primeiro piso por culpa dunha porta que mete auga.

Este problema foi informado en repetidas ocasións ós concelleiros responsables, solicitándose á vez a asistencia do persoal de servizos para arranxar o problema o cal está sendo posposto e demorándose por demasiado tempo.

Queremos saber cando se vai arranxar isto, porque os nenos e nenas da escola teñen que estar respirando po e humidade, estar en aulas con charcos, con musgo e setas, nunha situación de insalubridade, incómoda e insán para os nosos fillos e fillas, para os usuarios da escola que en algúns casos teñen 6 meses de idade.

2- Queremos saber tamén, coñecedores do perigo que ten a estrada que pasa enfronte á escola pola que os vehículos circulan a altas velocidades, por qué non se instalan as sinais verticais de advertencia de poboación escolar, obrigatorias si estamos falando dun centro ó que asisten un total de 320 alumnos, si o pensamos ben moitos máis que calquera outro Colexio do Municipio, exceptuando Reibón.

3- Por outro lado, sabemos que a Escola carece do pertinente Plan de Evacuación, que non ten extintores nin planos de evacuación ou sinais de saída cuestión que afecta directamente á seguridade dos nenos e nenas e demais usuarios da escola.

Queremos saber por tanto pola seguridade e saúde dos nosos fillos cando se vai dar solución a isto.”

O Sr. Alcalde sinala que tiveron varias reunións, a última ca Concelleira de Cultura. A estrada pintouse ca sinalización. Tamén se fixeron traballos de mantemento exterior. Hai moitas humidades, é un problema estrutural. O da porta quedará listo a semana que ven. En xaneiro haberá que limpar e aplicar un produto, desaterrar e face un illamento. Trataremos

de arranxar, tamén o problema de polvillo. Nos meses que quedan tratarase de darlle solución.

D. Francisco Ferreira, representante da Plataforma de Sanidade afirma que aínda que abandoaron a Comisión, seguen preocupados. Unha cuestión xa plantexada no mes anterior, a situación dos terreos de Sisalde.

O Sr. Alcalde responde que están a traballar no proceso. Encargouse a un técnico que buscase a fórmula máos axeitada, vía xunta de compensación ou outra. Barallouse outra fórmula. Está levándoo Díaz de la Iglesia.

O Sr. Ferreira di que levan dezaioito meses co plano barrado e seguimos no punto cero. Non parece exemplo de eficacia. Na páxina web do Concello hai unha información onde di que o Alcalde en reunión ca Conselleira e Delegada afirma que se constituiu a xunta de compensación. Para non enganar a inocentes retiren esa información. A Plataforma seguirá a preguntar en cada Pleno.

Dna. Ana Pastoriza Durán pide que logo de tanto aplauso a Valentín, lle den un aplauso a Dna. María José Álvarez e Dna. Montserrat Pose, pola súa loita e esforzo. (Aplausos).

A Sra. Durán pregunta pola circunvalación. É unha inquietude de todos os veciños. Logo do pleno extraordinario de agosto, onde se manifestou o noso rexeitamento ao Plan, quería saber se o Concello enviou a alegación correspondente. ¿Teñen coñecemento do que está a pasar con isto?. O Conselleiro afirmou que non se ía facer. ¿Onde temos que remitirnos para a eliminación da circunvalación no PXOM?

O Sr. Alcalde afirma que cas alegacións presentadas paralizouse o proceso. Cando se configure o novo goberno preguntaremos ao Conselleiro competente. Remitiuse notificación á Consellería do acordo plenario. O máis normal sería manter unha entrevista co novo Conselleiro.

A Sra. Durán pregunta cando será.

O Sr. Alcalde responde que en breve. Ata xaneiro non creo que teñamos a reunión.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vintedúas horas e trinta e catro minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE  
O ALCALDE**

**O SECRETARIO**